

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020362	de Valga	Valga	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
FME	Fabricación mecánica	CMFME02	Soldadura e caldeiraría	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0096	Formación e orientación laboral	2022/2023	3	107	128
MP0096_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2022/2023	3	62	74
MP0096_12	Prevención de riscos laborais	2022/2023	3	45	54

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARIA YOLANDA CARBIA CASTRO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O sector metalúrxico en Galicia ten unha grande importancia tanto a nivel económico como na creación de emprego, polo tanto faise evidente a necesidade de formar profesionais de calidade que ocupen os postos que seguirá a demandar o mercado.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, o Decreto 46/2010, do 11 de marzo, establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Soldadura e Caldeiraría.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para que o alumno ou a alumna se poidan inserir laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no sector da fabricación mecánica.

O Decreto 46/2010, do 11 de marzo, establece as competencias a adquirir e os obxectivos xerais do ciclo formativo do título de técnico de grao medio de soldadura e caldeiraría. Así, os que se contribúen a acadar co módulo de FOL son os seguintes:

- Competencias profesionais, persoais e sociais:

- l) Aplicar procedementos de calidade, e de prevención de riscos laborais e ambientais, consonte o establecido nos procesos de soldadura e caldeiraría.
- o) Resolver as incidencias relativas á súa actividade, logo de identificar as causas que as provocan, tomando responsablemente as decisións.
- p) Adaptarse a novas situacións laborais e a diferentes postos de traballo orixinados por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos
- q) Cumprir os obxectivos da produción, colaborando co equipo de traballo e actuando conforme os principios de responsabilidade e tolerancia.
- r) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas que derivan das relacións laborais, de acordo co establecido na lexislación.
- s) Xestionar a propia carreira profesional, analizando oportunidades de emprego, de autoemprego e de aprendizaxe.
- u) Participar na vida económica, social e cultural, cunha actitude crítica e responsable

- Obxectivos xerais:

- l) Recoñecer e valorar continxencias, determinar as causas que as provocan e describir as accións correctoras, para resolver as incidencias asociadas á súa actividade profesional.
- m) Analizar e describir os procedementos de calidade, prevención de riscos laborais e ambientais, e sinalar as accións para realizar nos casos definidos para actuar de acordo con normas estandarizadas
- n) Valorar as actividades de traballo nun proceso produtivo, e identificar a súa achega ao proceso global para conseguir os obxectivos da produción.
- o) Identificar e valorar as oportunidades de aprendizaxe e emprego, analizando as ofertas e as demandas do mercado laboral para xestionar a súa carreira profesional.
- q) Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, analizando o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Manexo das fontes de información para a elaboración de itinerarios formativo-profesionalizadores, en especial no referente ao sector da fabricación mecánica

- Posta en práctica de técnicas activas de procura de emprego:

- Realización de probas de orientación e dinámicas sobre as propias aspiracións, competencias e capacidades.
- Manexo de fontes de información, incluídos os recursos da internet para a procura de emprego.
- Preparación e realización de cartas de presentación e currículos (potenciarase o emprego doutros idiomas oficiais na Unión Europea no manexo de información e elaboración do currículo Europass).

- Familiarización coas probas de selección de persoal, en particular a entrevista de traballo.
- Identificación de ofertas de emprego público ás que se pode acceder en función da titulación, e resposta á súa convocatoria
- Formación de equipos na aula para a realización de actividades mediante o emprego de técnicas de traballo en equipo.
- Estudo das condicións de traballo do sector da fabricación mecánica a través do manexo da normativa laboral, dos contratos máis comunmente utilizados e do convenio colectivo de aplicación no sector da fabricación mecánica.
- Superación de calquera forma de discriminación no acceso ao emprego e no desenvolvemento profesional.
- Análise da normativa de prevención de riscos laborais que lle permita a avaliación dos riscos derivados das actividades desenvolvidas no sector produtivo, así como a colaboración na definición dun plan de prevención para a empresa e das medidas necesarias para a súa posta en práctica.

Por outra banda, o Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, pretende crear as bases para a implantación progresiva da formación profesional dual en España, entendida como o conxunto de accións e iniciativas formativas que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, combinando os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro de formación, propiciando unha participación máis activa da empresa no propio proceso formativo do alumnado e, daquela, permitir que estas coñezan de xeito máis próximo a formación que reciben, cada vez máis adaptada ás demandas dos sectores produtivos e ás necesidades específicas das empresas.

Neste contexto normativo, a programación deste módulo corresponde ao proxecto de FP dual coas empresas: Gama e Hijos, S.L.; Sistemas Técnicos de Accesorio y Componentes, S.L; Mecanizados Oliveira, S.L.; Calderería e Mecanizados Arosa, S.L.; CCI Carrocerías Inteligentes, S.L.; Soluciones Metálicas Jamaro, S.L.; Rotogal, S.L.; Ingeniería y Montajes Rías Baixas S.A.; Fundiciones Souto, S.L.; Mecanizados y Calderería Talleres El Cubano, S.L.; Francisco Eiras Iglesias.

Neste proxecto combinaranse os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro formativo; neste caso de setembro a febreiro e desenvolverase na súa totalidade no centro educativo, no período que abrangue dende setembro a febreiro, ámbolos dous incluídos

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa	Formación curricular na empresa	0	0
2	O dereito laboral	Identificación das fontes de dereito laboral e dos organismos públicos que poden intervir nunha relación laboral. Recoñecer a lexislación laboral vixente así coma os dereitos e deberes derivados dunha relación laboral	8	6
3	O contrato de traballo	Descrición dos elementos básicos do contrato de traballo, diferenciando as modalidades de contratación vixentes e mais adecuadas a cada situación	8	6
4	O tempo de traballo e a súa retribución	Análise dos conceptos que integran a xornada laboral. Identificación dos conceptos retributivos que compoñen o recibo de salarios.	14	11
5	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo	Consiste en identificar as situacións en que o contrato de traballo pode modificarse de xeito legal. Diferenciar os casos de suspensión e extinción do contrato, identificando os dereitos e obrigas que se derivan en cada caso.	8	6
6	A representación dos traballadores e a negociación colectiva	Distinción dos órganos de representación dos traballadores na empresa, coñecendo as súas funcións, garantías e forma de elección. Análise do convenio colectivo de sector.	6	5
7	A Seguridade Social	Coñecemento da estrutura e réximes da Seguridade Social, identificando as obrigas do empresario e traballador coa SS. Realización de cálculos básicos das prestacións contributivas mais comúns.	12	9
8	A procura de emprego	Planificación dun itinerario formativo-profesional acorde aos intereses, capacidades e competencias. Técnicas de procura de emprego. Fases dun proceso de selección	14	11
9	O traballo en equipo	Fomento da participación activa e responsable no traballo en equipo. Representación das técnicas de dinámica de grupos e técnicas de solución de conflitos.	4	3
10	Formación en empresa	Formación curricular na empresa	0	0
11	A prevención dos riscos laborais	Coñecemento dos dereitos e obrigas relacionados coa seguridade e a saúde laboral, así coma a asunción dunha actitude responsable no desenvolvemento do traballo para evitar situacións de risco laboral.	9	7
12	A avaliación dos riscos profesionais	Detección de situacións de risco mais habituais no sector produtivo do ciclo, relacionando os riscos cos seus efectos sobre a saúde. Avaliación dos riscos mais habituais no sector	17	13
13	O plan de prevención	Definición dun plan de prevención, recoñecendo a importancia da súa existencia e identificación dos axentes responsables e representantes en materia preventiva	17	13
14	Medidas de prevención e protección	Identificación das técnicas de prevención e protección colectiva e individual en función do tipo de risco. Sinalización de seguridade. Coñecemento das técnicas básicas de primeiros auxilios que deben aplicarse en caso de accidente.	11	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa	0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	O dereito laboral	8

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
CA2.2 Distingúronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.

4.2.e) Contidos

Contidos
Dereito do traballo.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico en soldadura e caldeiraría.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	O contrato de traballo	8

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
CA2.4 Analizáronse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
CA2.12 Identifícanse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

4.3.e) Contidos

Contidos
Novos contornos de organización do traballo.
Análise da relación laboral individual.
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	O tempo de traballo e a súa retribución	14

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico en soldadura e caldeiraría.
CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.

4.4.e) Contidos

Contidos
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico en soldadura e caldeiraría.
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo	8

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.9 Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.

4.5.e) Contidos

Contidos
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	A representación dos traballadores e a negociación colectiva	6

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.10 Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.

4.6.e) Contidos

Contidos
ORepresentación das persoas traballadoras na empresa. Conflitos colectivos. Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	A Seguridade Social	12

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema de seguridade social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social.
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

4.7.e) Contidos

Contidos
A Seguridade Social como pilar do estado social.
Estrutura do sistema de Seguridade Social.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Protección por desemprego.
Prestacións contributivas da Seguridade Social.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	A procura de emprego	14

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico en soldadura e caldeiraría.
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico en soldadura e caldeiraría.
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

4.8.e) Contidos

Contidos
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico en soldadura e caldeiraría.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico en soldadura e caldeiraría.
Definición e análise do sector profesional do título de técnico en soldadura e caldeiraría.
Proceso de toma de decisións.
Proceso de procura de emprego no sector de actividade.
Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	O traballo en equipo	4

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	SI

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico en soldadura e caldeiraría e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.

4.9.e) Contidos

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
Equipos no sector da soldadura e caldeiraría segundo as funcións que desempeñen.
Dinámicas de grupo.
Equipos de traballo eficaces e eficientes.
Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
Conflito: características, tipos, causas e etapas.
Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.



4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	Formación en empresa	0

4.11.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
11	A prevención dos riscos laborais	9

4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	SI

4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
CA1.4 Comprenderónse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector das industrias transformadoras do metal.
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.

4.11.e) Contidos

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.
Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.

4.12.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
12	A avaliación dos riscos profesionais	17

4.12.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector da fabricación mecánica.	SI

4.12.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico en soldadura e caldeiraría.
CA2.2 Clasifícanse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
CA2.3 Clasifícanse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico en soldadura e caldeiraría.
CA2.4 Identifícanse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico en soldadura e caldeiraría.
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título.

4.12.e) Contidos

Contidos
Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
Riscos específicos no sector de soldadura e caldeiraría en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.
Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector da fabricación mecánica.

4.13.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
13	O plan de prevención	17

4.13.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	SI

4.13.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
CA3.2 Clasifícaronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
CA3.4 Identifícaronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico en soldadura e caldeiraría.
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para nunha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.

4.13.e) Contidos

Contidos
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Planificación da prevención na empresa.
Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

4.14.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
14	Medidas de prevención e protección	11

4.14.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico en soldadura e caldeiraría.	SI

4.14.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

4.14.e) Contidos

Contidos
Medidas de prevención e protección individual e colectiva.
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

5.1 Mínimos esixibles:

Os recollidos nesta programación correspondentes a cada unidade didáctica.

5.2. Criterios de cualificación:

Co fin de chegar ao esencial neste contexto de pandemia, aplicaranse fundamentalmente dous procedementos de avaliación:

A. Probas escritas (cuestionarios, exercicios de cálculo, supostos prácticos, preguntas de resposta curta...), para a avaliación de todas as unidades didácticas excepto a UD 7. Realizarase unha proba escrita mínima para a avaliación de cada unha destas unidades, e en algunha delas dúas.

B. Probas de produción, consistente na elaboración polo alumnado dun traballo en relación coa procura de emprego na UD 8, avaliable mediante táboa de observación.

Segundo a ponderación na cualificación das diferentes UDs, instrumentos de avaliación e trimestres, as probas escritas representan o 60% e as probas de produción o 40% da nota final resultante, tal e como se amosa a continuación:

	UD	PESO	PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN	TRIMESTRE
1	5,5%	Proba escrita		1º (66.5%)
2	5,5%	Proba escrita		
3	13%	Proba escrita (2)		
6	11%	Proba escrita (2)		
7				
8	5,5%	Proba escrita		
8	20%	Proba de produción		2º TR: 33,5%
9	5,5%	Proba escrita		
10	5,5%	Proba escrita		
11	5,5%	Proba escrita		
12	5,5%	Proba escrita		
4	11%	Proba escrita (2)		
5	6,5%	Proba escrita		

TOT. 100% 100%

Nesta distribución debe terse en conta o comezo de curso máis temperá e que o alumnado deste grupo de dual remata no centro educativo a finais de febreiro, para incorporarse á empresa para a formación práctica, que no caso do módulo de FOL é íntegra no centro educativo.

Para a superación do trimestre, o alumnado terá que acadar un mínimo dun 5 en cada unha das avaliacións. As probas escritas realizadas en cada trimestre puntuaranse de 0 a 10 puntos, farán media entre elas, sendo necesario acadar unha nota mínima dun 4 en cada unha delas para facer media, do contrario, será necesario recuperar as probas con nota inferior, agás autorización excepcional do docente.

Para a superación do módulo, o alumnado terá que acadar unha nota final igual ou superior a 5, sendo requisito indispensable ter unha puntuación

igual ou superior a 5 en cada unha das avaliacións. A nota final será o resultado de realizar a media aritmética ponderada das avaliacións.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

1. Actividades de recuperación para as unidades didácticas nas que o rendemento do alumno non amosou a adquisición do nivel mínimo dos resultados de aprendizaxe implicados: cando algún alumno suspenda unha avaliación, poderá recuperala ao longo do curso. A recuperación terá lugar, mediante unha proba obxectiva sobre a materia pendente, ao longo da avaliación seguinte. Estas probas, cualificaranse segundo o establecido no punto 5 desta programación. De non acadar un 5 nesta probas, o alumnado terá unha derradeira oportunidade antes do remate do curso.
2. Actividades de recuperación da totalidade do módulo ou ben de parte do mesmo, ao final do período lectivo: estableceranse no mes de xuño, coincidindo coa realización das probas ao alumnado que teña perda de avaliación continua. Estas actividades estarán dirixidas aos estudantes que non teñan acadado os mínimos esixibles nin durante as avaliacións parciais ao longo do curso, nin durante as recuperacións parciais. Consistirán nunha proba escrita obxectiva sobre os contidos mínimos esixibles do módulo (unicamente aqueles que non se tiveran superado ao longo do curso).
3. Actividades de recuperación para o alumnado que non supere o módulo no primeiro curso e promocióne ao segundo: realizaranse no período do 1º e 2º trimestre do curso seguinte. A avaliación terá lugar en marzo, antes da proposta de FCT en período ordinario. O alumnado será informado das actividades de recuperación dos módulos pendentes e das datas das probas obxectivas, do período da súa realización e das datas en que se celebrarán as avaliacións extraordinarias dos módulos pendentes. A tal efecto, e no mes de xuño do 1º curso, realizarase un informe individualizado, indicando os resultados de aprendizaxe non atinxidos polo alumnado, coa finalidade de deseñar as pertinentes actividades de recuperación. Durante os dous primeiros trimestres do segundo curso o alumnado realizará unha serie de actividades guiadas e orientadas pola profesora, e realizará distintas probas obxectivas, que conterán preguntas teóricas e prácticas das tres avaliacións. Para aprobar estes exames é requisito imprescindible obter unha nota mínima de cinco.

Así, poderán desenvolverse as seguintes actividades de recuperación:

- Resolución de exercicios de carácter práctico, que incidan nos contidos que lle supuxeron maior dificultade.
- Repetición das explicacións dos contidos que amosen maior dificultade para os alumnos, resolvendo as dúbidas plantexadas.
- Realización de controis periódicos para determinar se o nivel de coñecemento dos contidos é suficiente.

Aquel alumnado que en dito período non supere o módulo, realizará de novo, un plan de actividades de recuperación. A tal efecto, as actividades de recuperación terán lugar durante o período de FCT do 2º curso (abril-xuño), durante o cal, se lle asignarán unas horas de tutoría para resolver dúbidas e aclarar conceptos. Neste suposto, a avaliación terá lugar en xuño. A recuperación, con carácter xeral, consistirá nunha proba escrita, individualizada para os contidos de cada avaliación que se teñan pendentes, consistente en preguntas relativas aos contidos especificados para cada unha delas e valorada con criterios numéricos do 1 ao 10, precisando para a súa superación unha nota mínima dun 5.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos/as que superen o límite máximo de inasistencias (10% das horas do módulo) sen xustificar, perderán o dereito á aplicación dos criterios xerais de avaliación, polo que deberán presentarse a un exame final único, a celebrar nas datas establecidas polo Departamento, no mes de xuño. A tal efecto, o titor ou titora preavisará ao alumnado por escrito ao chegar ao 6% de faltas inxustificadas.

Os criterios de avaliación serán os establecidos con carácter xeral para todo o alumnado, na presente programación.

Esta avaliación extraordinaria consistirá nunha proba obxectiva escrita que abranguerá o contido das tres avaliacións, debendo acadar unha nota mínima dun 5. O resultado desta proba suporá o 100% da cualificación final.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

1. O docente realizarán a título individual mensualmente o seguimento da programación, cotexando as actividades previstas na programación coa marcha cotián das clases, comprobando si se cumpren os prazos establecidos, e de non ser así, revisarase as oportunas programacións de aula introducindo os cambios necesarios. A tal efecto, poderase empregar a aplicación informática de seguimento das programacións da Consellería de Educación.
2. Mensualmente, nas reunións do departamento de F.O.L. realizarase un seguimento da programación, deixando constancia de posibles modificacións nas actas de reunión do departamento.
3. Na memoria de fin de curso incluíranse todas estas modificacións, así como a valoración que o departamento faga sobre a idoneidade da metodoloxía empregada así como dos materiais curriculares e didácticos.
4. A práctica docente avaliarase a través de cuestionarios que poderán cumplimentar os alumnos e alumnas a final de curso e/ou trimestralmente e nos que poidan expresar as súas opinións sobre posibles melloras a introducir.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo do curso o docente facilitará ao alumnado un cuestionario con preguntas sobre coñecementos previos do módulo, ademais de sobre calquera outra circunstancia do alumnado relevante para o proceso de ensino aprendizaxe.

Ademais durante as primeiras semanas do curso prestarase especial atención a participación do alumnado nas clases e as dificultades que poidan atopar.

As conclusións acadadas sinalaranse na reunión da avaliación inicial do grupo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A programación elabórase tendo en conta que debe dar resposta a diversidade do alumnado, por elo concíbese de forma aberta e flexible posibilitando a adaptación ás condicións específicas de cada alumno ou alumna. Có obxectivo de conseguilo as actividades de clase deben prestar atención ao traballo en equipo e a axuda recíproca dos alumnos, así como o fomento de actitudes de respecto ás diferenzas individuais. Por outra banda colaborase có departamento de orientación na posible detección das necesidades educativas específicas dos alumnos así como nas pautas de actuación a seguir se se dera o caso.

No caso de que o progreso dun alumno non responda globalmente aos obxectivos programados, adoptaranse as oportunas medidas de reforzo educativo ou de adaptación curricular. En todo caso, a cualificación do alumno realizarase tomando como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación relacionados cos resultados de aprendizaxe que permitan o logro da competencia xeral característica do Título. Deste xeito, calquera adaptación do currículo en función das necesidades educativas do alumnado estará dirixida, non aos elementos prescriptivos (obxectivos, contidos, criterios de avaliación) senón á modificación doutros aspectos que poden mellorar o rendemento destes alumnos, como o respecto ós ritmos de aprendizaxe, á selección de distintos materiais, actividades variadas, propostas de avaliación diferentes, adecuación dos tempos e dos espazos, etc.

En calquera caso e dende o primeiro momento, a través da avaliación inicial e coa colaboración do seminario de Orientación, este departamento traballará coa finalidade de identificar de xeito adecuado o nivel de coñecementos e capacidades de cada alumno. O obxectivo será poder detectar posibles carencias ou dificultades que se poidan presentar no seguimento, por parte do alumnado, da programación do módulo correspondente. As medidas de reforzo educativo pasarán (ademais dos reforzos que se podan ofrecer no transcurso normal das clases) polo asesoramento extra, ó alumnado con dificultades, nas horas de tutoría e nos recreos, e co suministro de material educativo complementario (apuntamentos, casos prácticos, etc) eminentemente de carácter práctico.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O módulo de Formación e Orientación Laboral ten unha especial relevancia no tratamento destes temas, trataranse a diario espontaneamente, de maneira que impregnarán a actividade cotiá na aula, así en todas as actividades e na medida que sexa posible en cada unha, fomentárase a igualdade, a saúde, educación moral e cívica, educación para o consumidor, educación ambiental, a ecoloxía, a paz, evítanse as actitudes, comentarios ou comportamentos racistas ou discriminatorios de tipo sexistas ou violentos no comportamento diario tanto dentro como fora da aula. En concreto, nestes temas cobrará especial relevancia:

- Educación para a saúde: Polo que respecta á educación para a saúde e a calidade de vida, faremos especial fincapé na saúde laboral, xa prevista nos contidos da programación didáctica, pola súa importancia no futuro desenrolo profesional do alumnado. O obxectivo último é que o alumnado tome conciencia da necesidade de facer propios uns hábitos mínimos que garantan a seguridade no traballo, tanto para eles mesmos como para os compañeiros/as e a empresa en xeral. Neste mesmo bloque de contidos tentarase inculcar a importancia de garantir a hixiene e a saúde no traballo, pero non só a nivel persoal, se non tamén a nivel ambiental.
- Educación multicultural. A educación multicultural ven esixida pola crecente intercomunicación das culturas, e resulta máis urxente polos brotes de xenofobia observados ante a crecente presenza de inmigrantes. Os obxectivos serán espertar o interese por coñecer outras culturas diferentes coas súas crenzas, institucións e costumes, así como desenvolver actitudes de respecto e colaboración con grupos culturalmente minoritarios.
- Educación do consumidor. O obxectivo é crear unha conciencia de consumidor responsable que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.
- Educación para a igualdade. Por canto á igualdade de sexos, temos que destacar a importancia e transcendencia que este asunto ten no mundo da empresa; o home e a muller deben de ter igualdade de oportunidades no ámbito laboral, polo mesmo traballo tense que percibir a mesma remuneración. Esta cuestión irase desenvolvendo ó longo do curso e do temario, ao formar parte dos criterios de avaliación que fan parte da programación didáctica.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Co fin de atender de xeito primordial ás condicións de seguridade e saúde do alumnado e de todo o persoal docente e non docente do centro educativo neste extraordinario contexto de pandemia, non se prevé a realización para o presente curso de ningunha actividade complementaria nin extraescolar, sen prexuízo da súa posible e posterior realización, se as circunstancias o permiten e aconsellan.

10. Outros apartados

10.1) Proba de coñecementos previos

Este cuestionario ten como único obxectivo coñecer a cultura xeral do alumnado (coñecementos por medios de comunicación, lecturas propias, derivados da súa experiencia laboral, etcétera) no referente a conceptos relacionados co módulo. Non fará parte da cualificación do módulo.

PREGUNTAS:

1. Que son e en que se diferencian a Constitución española e o Estatuto dos Traballadores? Sabes en que datas aproximadas se aprobaron?
2. Cal é a idade mínima para traballar en España?

3. Coñeces algunha das diferenzas entre un contrato de traballo en prácticas e un contrato de traballo para a formación e a aprendizaxe?
4. Poderías sinalar en que consiste unha base de cotización?
- 5.. Que é a Seguridade Social?
6. Sabes que é o salario mínimo interprofesional?
7. Cal é a diferenza entre salario bruto e salario líquido?
8. Que é un curriculum vitae?
9. Cal é a diferenza entre formación profesional para o emprego e a formación profesional regrada?
10. Sabes que é un comité de empresa e cal é a súa función principal?
11. Que entendes por poboación activa?
12. Sabes canto é o tempo mínimo que se debe traballar para poder cobrar a prestación por desemprego?
13. Que é un itinerario profesional?
14. Que quere dicir que un despido é improcedente?
15. Poderías sinalar en que consiste unha ETT?
16. Que significa a expresión ergonomía?
17. En que consiste a RCP?
18. En que unidades é medido o ruído?
19. Que é un servizo de prevención?
20. Sabes qué indica unha sinal como a que está a continuación ?

10.2) LIBROS DE TEXTO e PAX WEB recomendadas

LIBRO DE TEXTO RECOMENDADO:

Utilizarase como libro de texto para este módulo:

Das/os Autores:

Bruno Jesús García González, David Tena Cornelles, M^a Carmen de Fez Solaz, M^a Desamparados García Ortuño y M^a Victoria Hernández Ricarte.

Formación y Orientación Laboral 2022 : Editorial Tu librodeFP

ISBN 2021: 978-84-16812-64-6

OUTROS LIBROS DE CONSULTA:

Formación y Orientación Laboral : Editorial Editex

Formación y Orientación Laboral. Editorial Mcmillan

Formación y Orientación Laboral: Editorial EDEBÉ

Formación y orientación Laboral: Editorial McGraw-Hill

WEB RECOMENDADA PARA CONSULTAR LEXISLACIÓN:

<https://www.boe.es/legislacion/codigos/codigo.php?id=93&modo=1¬a=0&tab=2>

Ademáis a medida que se vaian desenvolvendo os contidos iráse facilitando ligazóns ás normativas relacionadas con cada unidade así como novas, sentenzas e cortos /videos explicativos

10.3) Secuencia alternativa das unidades

Por unha banda, para unha mellor asimilación dos contidos modificamos a secuencia prevista na programación comenzando polo Dereito Laboral, en tanto que na unidade formativa de riscos laborais se fala da Lei de prevención de Riscos, e considerase que é preciso explicar antes a xerarquia das normas, os convenios colectivos e os dereitos e deberes básicos para proceder a explicar dita unidade posteriormente.

Por outra banda, tendo en conta que se trata dun proxecto de dual, no que o alumnado está simultáneando a formación no centro coa da empresa, e que será impartido de forma compartida co grupo de adultos en catro das sesións e unha a maiores sós, fíxose preciso reprogramar a secuencia

e organizala para adaptala a dita circunstancia, podendo ser alterada en función das actividades complementarias programadas e a súa relación coas unidades impartidas. O módulo de FOL está previsto en dito proxecto que sexa impartido totalmente no centro pero dado que non dan todas as sesións, valorarase que unha parte de prevención a reciban paralelamente á incorporación á formación na empresa

No desenvolvemento de contidos, comezase pola mesma orde nas horas compartidas e paralelamente na hora só para dual os contidos que serán abordados ao longo do terceiro trimestre e parte do segundo por dito grupo, quedando a secuencia de unidades formativas da seguinte forma:

1º) MPMP04_49 UF2

2º) MPMP04_49 UF1

A orde resultante de unidades didácticas será:

1º trimestre (setembro a decembro)

2. O dereito laboral
3. O contrato de traballo
4. Tempo de traballo e retribución (parte do tempo e xornada)
5. Modificación, suspensión e extinción do contrato
11. A prevención de riscos. Conceptos básicos.
12. Avaliación de riscos profesionais. Organismos e lexislación .

2º trimestre

4. Tempo de traballo e retribución (parte do recibo de salarios)
6. Representación dos traballadores
13. Medidas de prevención e protección
14. Plan de prevención. Emerxencias e primeiros auxilios.

Paralelamente na única hora para o grupo de setembro a febreiro

8. Orientación profesional e procura de emprego
9. O traballo en equipo
7. Seguridade Social